

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP VÍCTOR LÓPEZ SEOANE
CURSO: 4º PRIMARIA
MATERIA: INGLÉS
DEPARTAMENTO:
DATA: 05/05/20

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas máis importantes en textos escritos sinxelos de temas de interese para o alumno, e que conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.	Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente.
Coñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos.	Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo acompañado de apoio visual, acorde a súa idade procedente dos medios de comunicación adaptados a súa competencia lingüística.
Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresen pausas, exclamacións e interrogacións.	Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente.
Escribir textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación	Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo acompañado de apoio visual, acorde a súa idade procedente dos medios de comunicación adaptados a súa competencia lingüística.
Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos.	Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá.
Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable.	Escribe conversas sinxelas, seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida.
Iniciarse no uso das ferramentas informáticas para completar actividades.	Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado cos temas dados.
	Completa un formulario en liña cos seus datos persoais e dos e das demais (nome, apelido, idade...).
	Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual seguindo o modelo traballado.
	Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Se tomarán en conta todas as observacións e o seguimento sistemático do alumno ao longo do 1º e 2º trimestre, tendo en consideración todos os traballos escritos e actividades de clase, actitude de aprendizaxe, e precisión na expresión así como as probas escritas do 1º e 2º trimestre. Tamén se terán en conta todos aqueles traballos enviados polo alumno neste trimestre.
	Instrumentos: <ul style="list-style-type: none">- Rexistro de tarefas escritas enviadas ao correo durante este trimestre.- Probas realizadas polo alumno nos anteriores trimestres.
Cualificación final	- Media das cualificacións das dúas primeiras avaliacións, á que haberá que engadir unha puntuación en función do traballo presentado no terceiro trimestre.
Alumnado de materia pendente	En canto ao alumnado con esta materia pendente do curso anterior de non alcanzar cualificación positiva no presente curso, aplicarase o mesmo procedemento que na avaliación final. Tendo en conta as probas dos primeiros trimestres, as tarefas enviadas neste trimestre e a observación da actitude segundo o interese, esforzo e participación ao longo do curso.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	- Actividades de repaso, reforzo e ampliación nos documentos colocados na páxina web do centro.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Para o alumnado con conectividade farase uso de recursos audiovisuais e das TIC, con actividades e recursos colocados na páxina web do centro. Para o alumnado sen conectividade imprimiráanse os documentos propostos na páxina web para que os servizos do concello llos poidan achegar á súa casa.
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> - Class Book Big Surprise 4 dixital interactivo (para aqueles que o puideron descargar). - Class Book Big Surprise 4 estático para aqueles que non puideron descargarlo (unidades do libro colocadas na pax web). - Activity Book Big Surprise 4 estático (actividades das unidades dadas en documentos colocados na pax web) - Utilización de recursos audiovisuais e das TIC (audíos , vídeos , enlaces a páxinas con contidos e actividades relacionados)

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Información ás familias a través da páxina web do centro e do correo electrónico.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.